

# CONCURSO DE FOTOGRAFÍA MATEMÁTICA



O departamento de Matemáticas,  
en colaboración co departamento  
de Educación Plástica e Visual

A intención do concurso é sinalar a constante  
presenza de elementos matemáticos na nosa vida cotiá.

## Bases

1. Este concurso está aberto a todo o alumnado do IES Indalecio Pérez Tizón, que poderá participar nunha das seguintes categorías:
  - Categoría 1: Alumnado de 1º e 2º ESO
  - Categoría 2: Alumnado de 3º , 4º ESO, Bacharelato, Ciclos Formativos e Adultos.
2. O alumnado poderá presentar fotografías nas que aparezan calquera tipo de elementos xeométricos : rectas con diferentes posición relativas, curvas do plano ou no espazo, polígonos, círculos, corpos xeométricos, transformacións xeométricas (simetrías, translacións, rotacións), gráficos de funcións ou estatísticos, expresións numéricas ou alxébricas...que estean presentes na Natureza, na Arquitectura, na Escultura, na Artesanía e en calquera outro ámbito presente na nosa vida. Poderanse presentar fotografías editadas.
3. En ningunha das fotografías poderán aparecer persoas ou datos persoais de ninguén, así como tampouco, números identificativos de persoas, coches, entidades...etc.
4. Poderanse presentar ata 3 fotografías por alumno, que enviará ao correo bermesan@gmail.com No asunto o alumnado deberá indicar a categoría, o pseudónimo do autor/a e o curso e grupo (por exemplo: Categoría 2 Jack Sparrow 1ºESO A ) O arquivo de cada foto terá por nome o título de dita foto ( por exemplo: “Espiral de cor ”).
5. Valorarase o contido matemático da fotografía, a calidade técnica e artística, así como a adecuada elección do nome para a fotografía xunto coa creatividade amosada polo autor/a.
6. Poderanse enviar fotografías dende o 24 de abril ata o 30 de maio do 2023.
7. Quedarán anuladas todas aquellas fotografías que non sexan orixinais, senón obtidas da rede ou de calquera outro medio de comunicación ou divulgación.
8. Os departamentos organizadores actuarán coma xurado, concedendo dous premios por categoría.
9. Todas as fotografías presentadas serán expostas no instituto, quedando a disposición do centro.